

---

# LETRAS DENDE O VICTIMARIO

---

XAVIER BAYLE

---

Ola, son un gato en Corea, unha fermosa rapaza juareziana, un pito en Holanda, un bebé mexicano de experimentación, son un touro bravo en España, son unha nena soldado congoleña, son un porco en Italia, unha estudante negra en Moscova, unha vaca en Estados Unidos, son unha caoba no Brasil amazónico, son unha nena vietnamita cando o do napalm, son un vello cabalo polaco, unha enferma guineoecuadoriana, un can nun albergue cheo, unha xitana naquela Alemaña, un raposo en Poznán, un parrulo nunha granxa francesa para foie-gras, unha criatura sen fogar chinesa, son un golfiño nas costas de Xapón, unha indíxena que estorba, unha balea sen sorte, un macaco en Covance... Xa me están metendo armas e lume no corpo, son a vida que se perde, son un sabor, unha risa, unha contradición, a consecución dun odio, unha ignorancia, unha solución fácil e nunca final, unha estupidez, son a vítima da perversión de otros. E podo ser moi facilmente ti, en mans deste ser aberrante que arrestou o planeta e fíxoo feudo e fíxoo cárcere e fíxoo inferno. Son a morte que non queres e que che fere a memoria e atemorízache.... pero que asestas aes inocentes sen necesidade.

*Ola, son unha vida nas túas mans, aterrorizada polo medo...  
Ola, vasme matar cos teus argumentos...*



Ti tes as túas escusas, a túa preguiza, o teu dereito para asasinar, o teu apetito, a túa forza bruta, a túa mesquindade, a túa hipocrisía, o teu paradoxo, o teu paradigma, a túa paramilicia, o teu diñeiro, o teu patriotismo, as túas armas e as túas drogas, as túas avaricias e os teu dogmas, a túa indiferenza e a túa insensibilidade. Eu só teño as respiracións contadas, só a vida que perdo.


*Ti tes todo, eu só a vida que perdo...*

Fun todas as vidas e a maioría abandoneinas nas túas mans, pendurando boca abaixo en ganchos de matadoiro para o despezamento, co prezo fincado tras un escaparate, en forma de tres cuartos en tendas de luxo, en forma de botas de coiro, en forma dunha nova fórmula de champú, nos ocos que os obuses deixaron, en minúsculas gaiolas de posta de ovos, nos bloques once de cada campo de concentración, nos guetos marxinais, nas favelas, nos caixóns de abatemento, nos campos de refuxiados, en forma de vinganza, de gula, de luxuria, de cobiza, de preguiza, de soberbia, de envexa, de ira, en forma de necesidade. Nada perde quen nada ten, pero todo ten quen nada ten, excepto a vida.

*Porque a vida é todo, todo. E a morte é a nada.*

Así que nada quero de ti, só a miña vida. Déixame a miña vida, ese é o meu único ben. Queda co teu diñeiro, queda coa túa cidade, as túas larpeiradas, abandónate á túa bixutería, á túa fama, aos teus inmobles, posúe os títulos e as medallas que che prazcan, pon o teu nome en enciclopedias, en avenidas, monumentos, goza de solidariedade gremial, recoñecemento público, portadas en revistas... pero déixame a vida. Porque ti non tes poder, só es un guiñapo en mans da túa miseria emocional, e iso cáusache risa parva, satisfacción, abulia, manoseados praceres. O meu nivel moral é inmensamente superior ao teu, aínda estando no lado terrible do fusil, a túa tortura vence o meu corpo, destrúeme, pero morrerei moito máis viva que a túa propia vida.

Son a vaca que comes, xemín durante horas implorándote compaixón mentres empuñabas o coitelo ou a pistola de aturdimiento, convulsionei buscando unha saída polas sucias paredes, chorei entrada en midriase, vencida de xeonllos diante túa e non tiveches piedade nin reflexión, só cheguei a ser un número máis na túa xornada de traballo, unha etiqueta máis no paquete do refrixerador, un trofeo nunha parede, unha identificación de baixa na canceira municipal, no rexistro de defuncións do Ministerio da Pobreza. Son un obxecto, un fardo, un farrapo, a menor parte dun ser vivo derrubado no fondo dunha solitaria gaiola nun laboratorio de cosméticos, nunha comisaría, nun infecto hospital, nun búnker. Ninguén escoita os meus derradeiros xemidos e mórrome de tristeza antes que de morte. A miña morte leva dúas mortes.



Son unha muesca na túa ametralladora, unha cifra na inmensidade abominable de certas cifras, un método de despelexamento, un resultado de exame, un problema menos, un índice de audiencia... pero xamais poderás mirarme aos ollos e facer crer a todes que tes razón, xamais alcanzarás a pureza do meu medo, xamais borrarás a infamia da inxustiza, nin o sangue nas túas mans lavarás por máis que as enxabones ata o derradeiro día da túa vida. Na desesperación terminal o odio non chega moi lonxe, non podo odiarte, as miñas forzas concentráronse en sobrevivir ao inexorable.

*E non o vou conseguir...*


O meu corpo xa foi esnaquizao e disposto en bandexas plásticas, a miña pel arrincada e curtida, a miña autopsia realizada, xazo baixo cal en fosas comúns segredas, a graxa da miña pel fuxiu incendiada polas chemineas, o meu esquelete sécase baixo o sol, os efectos do veneno que me matou xa foron anotados, e a bala cobrada. Agora a miña vida xa non é nin "miña" nin "vida". Nada queda desas dúas palabras.

Cando me digas adeus non digas unha vez máis que non o sabías, que ti "soamente" pagaches ese asasinato. Que as cousas son como son. Que somos depredadores naturais. Non. O ser humano ten opcións sempre, e de nada sérveme a min este triste envase inerte co cal non podo revolcarme na herba, xogar coa miña boneca, mergullar ben fondo, expresar as miñas ideas, rumiar herba fresca ou picotear terra chovida. Este é un envase frío co cal non podo, simplemente vivir.

*Simplemente vivir, como todo o vivo quere.*



Ilustración: "Senseless Violence" (Violencia sin sentido), Xavier Bayle



**DISTRIPOLARIS.NOBLOGS.ORG**  
**DISTRIPOLARIS@RISEUP.NET**